

Un novo Atlas global

Description

2009 deu indicios claros da configuraciÃ³n dunha nova contorna internacional. A transiciÃ³n iniciada coa disoluciÃ³n da URSS (1991) non rematou de todo, pero xa podemos atisbar con relativa nitidez e perspectiva a plasmaciÃ³n de certo perfil da nova Ã©poca marcada pola apariciÃ³n de novas potencias centrais e o progresivo traslado do centro de gravidade das relaciÃ³ns internacionais.

A crise econÃ³mica, os problemas financeiros, o cambio climÃ¡tico, a proliferaciÃ³n de armas de destruciÃ³n masiva, etc., premen a definiciÃ³n de actores e estruturas globais que catalicen os consensos mundiais. O ascenso de China Ã© o dato mÃ¡is revelador neste sentido, toda vez que o seu papel na formaciÃ³n deses consensos Ã© cada vez mÃ¡is destacado, incidindo tanto na conformaciÃ³n dos puntos de vista doutras potencias como tamÃ©n no contido das resoluciÃ³ns dos organismos multilaterais. China, pois, quizÃ¡is mÃ¡is rÃ¡pido do que podÃ¡a preverse, hoxe forma parte do centro do sistema internacional, abandonando a periferia na que fora recluÃ­da polas potencias occidentais a mediados do sÃ©culo XIX.

Por outra banda, o AtlÃ¡ntico cede protagonismo ao PacÃ­fico, o maior cambio dos rexistrados nos Ãºltimos catro sÃ©culos. TamÃ©n en 2009, esta evidencia pÃºdese constatar con mÃ¡is nitidez. O status de Asia-PacÃ­fico, rexirÃ³n moito menos afectada pola crise que outras, gaÃ±a poder e influencia a marchas forzadas. O xiro rexistrado na orientaciÃ³n da polÃ­tica exterior estadounidense revela ese cambio, ao tempo que salienta un enorme desafÃ­o para os intereses europeos. A integraciÃ³n econÃ³mica en Asia oriental, asumida con maior impetu dende a crise financeira de 1997, e a Comunidade do Este asiÃ¡tico alentada por Hatoyama abren outros horizontes. O comercio intrarrexional nesta parte do mundo representa o 58% do comercio exterior de cada paÃ­s, case tres puntos por riba do nivel da Zona de Libre Comercio de AmÃ©rica do Norte e inferior en apenas sete puntos Ã¡ UE. En xaneiro de 2010 entra en vigor o acordo sobre a zona de libre comercio de China e os dez paÃ­ses da ANSEA. En 2010 e 2012 sumaranse, respectivamente, XapÃ³n e Corea do Sur. PequÃ­n, Tokio e SeÃºl suman o 85% da economÃ­a de Asia oriental.

Sen poder herdar o papel da extinta URSS, a decadencia rusa semella imparabile, pese a que seguirÃ¡ contando en certos dominios polas sÃ³as capacidades enerxÃ©ticas e militares. Europa figura tamÃ©n na lista inicial dos perdedores. Pese Ã¡ sÃ³a forza econÃ³mica, a incapacidade para traducila en influencia polÃ­tica uniforme pesa cada vez mÃ¡is na sÃ³a operatividade no entorno global. SeguirÃ¡n, seguiremos, contando, pero a sÃ³a significaciÃ³n, a salvo de iniciativas verdadeiramente revolucionarias, irÃ¡ decrecendo. Brasil, India, SudÃ¡frica, entre outras, emerxen con relativa forza no marco das respectivas rexirÃ³ns, pero Ã© cedo para aventurar hipÃ³teses.

Nada estÃ¡ consolidado, se ben a relativa estabilidade do marco internacional posibilita o fluído afondamento destas tendencias. Os coidados, especialmente en China, extremaranse nos prÃ³ximos anos, un periodo en que todos os actores precisan dunha visiÃ³n global e de longo prazo para estar realmente Ã¡ altura dese novo equilibrio no que debe culminar o proceso, necesariamente guiado pola consecuciÃ³n dun mundo de mÃ¡is paz, mÃ¡is xustiza e progreso.

[Acceso ao artigo orixinal no repositorio web 1998-2012](#)

APARTADOSTEMATICOXEOGRAFICOS

Outros ARQUIVO

IDIOMA

Galego

Date Created

Xaneiro 1, 2010

Meta Fields

Autoria : 3717

Datapublicacion : 2010-01-01 00:00:00